

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO

Emítese pola Intervención dando cumprimento ó disposto no artigo 168 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que ordena que ó orzamento da entidade formado polo seu presidente unirásese, entre outros documentos, un informe económico-financieiro.

O devandito informe comprenderá os extremos seguintes: Bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atenderlo cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos, e en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

O importe do orzamento tanto en gastos como en ingresos ascende á cantidade total de 73.020.000,00 euros, diminuindo con respecto ó do último exercicio na cifra de 11.930.000,00 euros.

BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DOS INGRESOS

O único imposto provincial, a recarga no Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E), prevése por un importe lixeiramente inferior ó calculado para o exercicio anterior, baseándose nos ingresos liquidados por este concepto no ano 2009.

No resto de ingresos tributarios, capítulo 3, regulados nas respectivas Ordenanzas fiscais, fanse previsións acordes ó que ven sendo o produto da súa liquidación, por non producirse aumento de tarifas, e practicamente idénticas ás consignadas no exercicio anterior.

O capítulo 4 de transferencias correntes experimenta un ascenso de 627.284,12 euros que corresponden basicamente a:

- 340.000 euros na participación nos tributos do Estado, segundo a previsión estimada comunicada polo Ministerio, que sigue sendo un ano

mais o principal recurso da facenda provincial, e que supón para 2011 o 77,16 por cento do total do estado de ingresos.

- 250.000 euros en transferencias de concellos que derivan do aumento de unidades de xestión de residuos sólidos constituídas pola Deputación trala correspondente delegación do servizo polos Concellos incluídos nelas, que son os financiadores da xestión.

OPERACIÓNS DE CRÉDITO

Neste exercicio económico non se prevé a concertación de ningunha operación de préstamo.

SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDE-LOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS.

No capítulo I, de gastos de persoal, que ascende á cantidade de 29.932.244,92 euros, fanse as consignacións necesarias de acordo ó Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado e da Relación de Postos de Traballo (RPT).

O capítulo II, gastos correntes en bens e servizos, ten unha consignación total de 15.886.621,59 euros. Neste capítulo, sobre todo en determinadas partidas, mantense o problema de ter que atender obrigas de anos anteriores, reducíndose as posibilidades de financiar o gasto do propio exercicio, o que afecta ó equilibrio teórico inicial e incide no principio de anualidade.

As partidas dos capítulos 4 e 7, prevénse para os distintos apartados de subvención e fomento que ven atendendo a Deputación. As subvencións nominativas con cargo a créditos de ditos capítulos figuran expresamente nalgúñas partidas. Noutras recóllese o seu carácter nominativo e concrétese o destino nas Bases de execución do presuposto.

No capítulo 6 figura o investimento de xestión directa pola Deputación, principalmente o de planos e proxectos provinciais e o ligado a Fondos europeos.

Coas consideracións expostas e tendo en conta as posibilidades orzamentarias, prodúcese unha nivelación do orzamento.

Ourense, 09 de decembro de 2010.

O INTERVENTOR ACCIDENTAL,

Asdo.: José Mosquera Casero